

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

RESOLUCIÓN do 21 de novembro de 2023 pola que se aproba e se fai pública a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo para cubrir unha praza da categoría profesional de técnico/a superior de tecnoloxías da información e das comunicacións, grupo I, pola quenda de acceso libre.

Mediante a Resolución reitoral do 1 de decembro de 2021 (DOG do 17 de decembro e BOE do 21 de febreiro de 2022) convocáronse probas selectivas para cubrir unha praza da categoría profesional de técnico/a superior de tecnoloxías da información e das comunicacións, grupo I, pola quenda de acceso libre.

Mediante a Resolución reitoral do 20 de maio de 2022 (DOG do 2 de xuño) aprobouse a relación provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas nas mencionadas probas selectivas e fixouse un prazo para emendar os defectos que motivaron a exclusión ou omisión.

Rematado o dito prazo e consonte o establecido na base 4.4 da convocatoria,

RESOLVO:

Primeiro. Declarar aprobadas e facer pública a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas ás citadas probas e a relación de persoas que teñen que realizar o primeiro exercicio da fase de oposición (proba de galego).

Segundo. Indicar que a citada listaxe definitiva e a relación de persoas que teñen que realizar o primeiro exercicio da fase de oposición están expostas no taboleiro electrónico da USC e na web:

<https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/xestionpersoal/PAS/oep/listado>

Terceiro. Convocar as persoas aspirantes admitidas que non están exentas deste exercicio para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición (proba de lingua galega) o día 11 de xaneiro de 2024, ás 10.00 horas, na sala de reunións da Área TIC. Pavillón de Servizos. Rúa Xosé María Suárez Núñez, s/n. Campus Vida, Santiago de Compostela.



A publicación dos anuncios de realización dos vindeiros exercicios efectuaráase o tribunal no taboleiro electrónico da Universidade e na páxina web mencionada no punto segundo, así como en calquera outro lugar que considere oportuno.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, perante o órgano que a ditou. Neste caso, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado mentres non se dite resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro do artigo 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2023

Antonio López Díaz
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

CVE-DOG: gancobh9-us26-6nr1-vqg7-dgbdunj816i2

